

Sesión de SECOT en “Aval Xóvenes”

- Experiencia e ideas emprendedoras comparten xornada.
- A felicidade de poder axudar é o pago para estes profesionais.

Melide, 21 de maio de 2014

O pasado luns, 12 de maio, os rapaces de “Aval Xóvenes” tiveron a oportunidade de coñecer, falar e compartir experiencias con varios dos voluntarios de SECOT, Voluntariado Senior de Asesoramento de Empresa. SECOT é unha asociación sen ánimo de lucro formada por xubilados cualificados e antigos directivos de empresas que, de xeito altruísta, adican parte do seu tempo a asesorar á persoas emprendedoras, ofrecendo a súa experiencia e coñecementos na xestión empresarial.

Na primeira parte da sesión, “Os Seniors” comentaron de forma xeral para todo o grupo en que lles poden axudar nos seus proxectos e cales son as ideas claves e os pasos a seguir para que as súas iniciativas teñan éxito. Despois dun descanso, no que compartiron café e seguiron comentando os proxectos, os mozos puideron falar de forma individual con estes profesionais e así profundizar máis nos problemas que se están atopando e todas as súas dubidas á hora de emprender.

A través de José Luis, Florencio, Adrián, Rogelio e Gabriel, os mozos saben que en SECOT teñen un ombro no que chorar e unha man para avanzar, pois o *“o máis difícil para un emprendedor é o estar só”* por iso a principal misión de esta asociación é acompañar ó emprendedor nesta dura tarefa.

Este non será o único contacto que manteñan os futuros emprendedores con esta asociación posto que algún dos proxectos xa están sendo asesorados por profesionais de SECOT.